

## A AELG nomea a portuguesa Ana Luísa Amaral como Escritora Galega Universal 2022

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) realizou a súa asemblea xeral o pasado 26 de marzo. Nela aprobouse, entre outras cuestións, nomear a escritora portuguesa Ana Luísa Amaral como a Escritora Galega Universal en 2022.



Intervención Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente de AELG (Foto: AELG).

Redacción  
04/04/22 21:52

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) aprobou en asemblea xeral o programa de actividades para o ano, que xa comezaron co [Día de Rosalía de Castro](#).

Na xuntanza, realizada no **Museo do Pobo Galego**, acordaron continuar coas actividades xa asentadas e de alcance social, como son os paseos literarios ou os obradoiros da **Escola de Escritoras e Escritores** da entidade e nomear a escritora portuguesa **Ana Luísa Amaral como a Escritora Galega Universal en 2022**.

Para este ano, ademais, propuxeron organizar ou coorganizar xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de persoal formador, educador e mediador da lectura.

Alén diso, refórzase o proxecto coordinado pola **Sección de Literatura Oral** coa realización dunha nova **Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria** e a través da realización de máis polafías e, no outono, dunha nova edición, a décimo quinta, da **Xornada de Literatura de Tradición Oral**, dedicada ao **Entroido**. Tamén se informou das fases de elaboración do **Libro Branco** que continuará cunha terceira parte durante 2022, desde unha visión de xénero.

## **Visibilización**

Outra das conclusións da asemblea, segundo explican nun comunicado, foi que "a visibilidade da escritora e do escritor a través da web da entidade continuará a ser un eixo central", ademais de lembrar "as páxinas individuais con que as socias e os socios contan no Centro de Documentación da mesma páxina da [AELG](#), tanto nos contidos como nas entrevistas audiovisuais".

Neste sentido, alén das realizadas habitualmente ao abeiro de diversos acordos con entidades financiadoras, indicouse que as cen gravacións feitas a autoras e a autores baixo a denominación 'A literatura galega nas súas voces', no marco dun acordo coa **Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL)**, divulgaranse durante 2022.

## **Documental da AELG e Estatuto de Artista**

En 2020, coincidindo coa chegada da pandemia, a [AELG](#) fixo **40 anos** desde a súa creación. Con motivo desta efeméride, a presidencia informou da elaboración dun documental no que se repasará a historia da entidade.

Para rematar, a asemblea tratou, entre outros temas, a xestión colectiva obrigatoria dos dereitos de autoras e autores diante as plataformas de contidos, ademais da situación da recentemente creada conferencia de asociacións de escritoras e escritores. Un dos obxectivos desta última avanzar na elaboración dun **Estatuto de Artista**.